



ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG nº188, do 29 de setembro), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

¿QUE É O CONSELLO ESCOLAR?

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan os distintos membros da comunidade escolar na organización do Centro.

¿QUEN COMPÓN O CONSELLO ESCOLAR DO CEIP PLURILINGÜE ALBINO NÚÑEZ?

O director, que é o seu presidente.

A xefa de estudos.

Cinco profesores/-as elixidos/-as polo Claustro.

Cinco representantes dos pais/nais ou titores legais dos/-as alumnos/-as (un/unha deles/-as proposto/-a pola ANPA).

Un/unha representante do persoal de administración e servizos.

Un/unha concelleiro/-a ou representante do Concello de Ourense.

A secretaria do centro, que actuará como secretaria do consello.

MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR QUE CORRESPONDE RENOVAR:

Tres profesores/-as, elixidos/-as polo claustro.

Tres representantes dos pais/nais ou titores legais dos alumnos/-as (Dous/dúas elixidas mediante votación e un/unha proposta pola ANPA).

Un/unha representante do persoal de administración e servizos.

Un concelleiro/-a ou representante do concello.

¿CALES SON AS COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR?

Art. 127 da LOMLOE (Lei 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación) BOE 30/12/2020

- Aprobar e avaliar os proxectos e normas aos que se refire o Capítulo II do Título V da LOMLOE.
- Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro, en relación coa planificación e organización docente.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Participar na selección do director/-a do centro nos termos que a LOMLOE establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do/-a director/-a.
- Decidir sobre a admisión do alumnado, segundo o establecido na LOMLOE e as disposicións que a desenvolvan.



- f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.
- g) Proponer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando porque se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director/-a correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais ou, de ser o caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e proponer, se é o caso, as medidas oportunas.
- i) Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipamento escolar para a mellora da calidade e a sostibilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no art. 122.3
- j) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.
- k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- l) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- m) Aprobar o proxecto de orzamentos do centro.
- n) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

CALENDARIO PARA A POSTA EN MARCHA DO PROCESO DE ELECCIÓNS DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR.

19 de outubro de 2021, martes:

Publicación no taboleiro de anuncios do centro da data e hora na que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral.

26 de outubro de 2021, martes:

Sorteo público, ás 12:10 h, para a designación dos membros da Xunta Electoral.

02 de novembro de 2016, martes:

Constitución e primeira reunión da Xunta Electoral.

Aprobación do calendario de actuacións.

Publicación no taboleiro de anuncios do centro das convocatorias nos distintos sectores educativos e dos correspondentes censos electorais.

Solicitude ao Concello e ANPA da designación dos seus representantes.

Período de reclamación sobre os censos: **ata o día 10 de novembro de 2021.**

O CALENDARIO DE ACTUACIÓNS APROBADO POLA XUNTA ELECTORAL SERÁ NOTIFICADO A CADA UN DOS SECTORES EDUCATIVOS O DÍA 03 DE NOVIEMBRE DE 2021



PARA ENTENDERNOS MELLOR...

1. Este ano hai que renovar **tres representantes** dos pais/nais ou titores legais dos alumnos/-as para formar parte do Consello Escolar. Dous/dúas representantes elíxense mediante votación e un/unha é proposto/-a pola ANPA.
2. E conveniente que se preocupen polo funcionamento do centro, aportando as súas ideas para mellorar este.
3. Calquera pai, nai ou titor/-a legal dos alumnos/-as do centro poden presentarse para, de ser elixidos, formar parte do Consello Escolar.
4. Se alguén, por motivos de traballo, cre que non debe presentarse, porque despois non pode asistir ás sesións do Consello Escolar, que se poña en contacto cos pais ou titores legais doutros alumnos/as, para animalos/-as a que se presenten.
5. Teñan en conta que os pais/nais ou titores legais dos alumnos/-as que forman parte do Consello Escolar son os seus representantes na dirección do centro.
6. Se teñen algunha dúbida, póñanse en contacto co centro ou pasen a informarse por este.

Ourense, outubro de 2021



renovación
membros
consello
escolar